

## DECRETO

Cualedro, 26 de Xullo de 2024.

### LUCIANO RIVERO CUQUEJO ALCALDE-PRESIDENTE

É necesario levar a cabo a adxudicación da obra “Rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes” cun investimento total de 96.000 € IVE incluído.

As obras están financiadas ao 100%, ao abeiro dun convenio para a concesión dunha subvención directa entre o AGADER e o Concello de Cualedro para un proxecto senlleiro de rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes na categoría de “promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca”.

Polo anterior, no uso das atribucións que me confire o apartado primeiro da D.A. 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, DISPOÑO:

Primeiro.- Que se inicie o oportuno expediente de contratación para a adxudicación de:

OBRA: “Rehabilitación e posta en valor da ruta dos muíños das Mercedes”

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: aberto simplificado.

TRÁMITE: ordinario.

Segundo.- Que se aprrobe o proxecto técnico e se elabore o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia e que emita o informe correspondente a Secretaría-Intervención.

Así o acordou e asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O alcalde

O secretario

Asdo.: Luciano Rivero Cuquejo

Asdo.: Paulino Fernández Salgado

